



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, SEAGA, S.A. PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZO NA MODALIDADE DE IaaS

Dunha parte, **Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E doutra parte, **Pablo Arbones Maciñeira**, con DNI nº 32786360K, en representación da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), segundo poder outorgado polo Consello de Administración da Sociedade de 9 de marzo do 2010, elevado a público ante o notario D. Manuel Remuñán López, en Santiago de Compostela, o 17 de marzo do 2010, con número de protocolo 441, no exercicio das funcións atribuídas polo artigo 24 do Estatuto da entidade pública empresarial E.P. SEAGA, aprobado polo Decreto 260/2006 da consellería de Economía e Facenda, do 28 de decembro, modificado pola Resolución, do 5 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, autorizada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de setembro de 2012.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como as súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial,





así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A Amtega é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a “definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.”

**Segundo.-** De acordo co artigo artigo 99 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da CCAA de Galicia: “A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre estas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións consideradas na presente lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios”.

**Terceiro.-** Segundo o disposto no Artigo 1 do Decreto 260/2006 da consellería de Economía e Facenda, do 28 de decembro, modificado pola Resolución, do 5 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, autorizada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de setembro de 2012, créase a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SEAGA, S.A. como unha sociedade mercantil pública autonómica das previstas no artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se rexerá ademais polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, polos seus estatutos e polas disposicións legais que en cada momento lle sexan aplicables. A sociedade terá a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico. E.P. SEAGA exerce as funcións indicadas no seu decreto de creación e no artigo 2 dos seus estatutos.

**Cuarto.-** O Centro de Proceso de Datos Integral constitúe o corazón dixital de Galicia contribuíndo a mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha mellor eficiencia enerxética, unha maior flexibilidade, interoperabilidade e seguridade así como unha simplificación da xestión e unha homoxeneización da estratexia tecnolóxica da Xunta.

A situación do CPDI na Cidade da Cultura de Galicia responde á procura da optimización dos recursos públicos e reducir gasto, unificando nun so espazo os distintos locais nos que se situaba o equipamento de telecomunicacións e proceso de datos da Comunidade Autónoma de Galicia, mellorando a súa dotación e ampliando os usos e a explotación do complexo da Cidade da Cultura de Galicia sumando os usos tecnolóxicos aos propiamente artísticos e culturais.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acódesse a un suposto de “convenios intradministrativos asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública” regulados polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro,





de réxime xurídico das Administracións Públicas. En consecuencia, a Amtega e E.P. SEAGA subscriben o presente Convenio que se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### . Primeira.- Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto a regulación da prestación dun modelo de infraestrutura como servizo (IaaS). En concreto, este servizo, consiste na posta a disposición de E.P. SEAGA, de recursos de procesamento e almacenamento a través da rede, consonte ás especificacións que se inclúen na cláusula Segunda do presente Convenio.

### . Segunda.- Compromisos

#### 1. Compromisos de E.P. SEAGA

E.P. SEAGA asumirá os seguintes **compromisos** no referido á prestación de servizos en modalidade IaaS:

- Tramitación dos procedementos corporativos necesarios.
- Xestión e mantemento do servidor, así como dos compoñentes software despregados en este.
- Velar polo correcto seguimento do ciclo de vida do entorno.
- Xestión da seguridade do contorno.
- Control de usuarios.
- Realización de copias de seguridade, verificación das mesmas, e dispoñer de procedementos para a restauración dos datos.
- Monitoraxe dos servizos e compoñentes software.

E.P. SEAGA asumirá o rol de responsable no referente a:

- Almacenamento (Datastores VMware, recursos NFS, etc.)
  - Mantemento e xestión de cotas e espazo de almacenamento.
- Máquinas virtuais VMware:
  - Selección e definición de Sistemas Operativos.
  - Creación de máquinas virtuais (asignación de CPU, memoria, almacenamento, interfaces de rede).
  - Ampliación de máquina virtuais (asignación de CPU, memoria, almacenamento).





- Instalación, configuración inicial e mantemento de Sistemas Operativos Corporativos.
- Instalación, configuración e mantemento de Sistemas Operativos Non Corporativos.
- Servizo de parcheado/actualización de Sistemas Operativos.
- Instalación, configuración e mantemento de software/aplicacións.
- Monitorización e alertas:
  - Xestión de alertas de sistema operativo, software base e aplicacións.
- Seguridade:
  - Control e mantemento da seguridade das máquinas virtuais.
- Backup:
  - Backup de servidores.
  - Backup de datos de 1º nivel.

E.P. SEAGA compensará á Amtega os gastos xerados polas actividades que asume en virtude deste convenio, mediante o pagamento das cantidades que corresponda en función do uso dos servizos proporcionados pola Amtega. As variacións no uso dos servizos comunicaranse á Amtega no momento no que se precisen.

O importe máximo anual dos servizos que faga uso E.P. SEAGA será de 2.331,85 €. E.P. SEAGA reserva o crédito correspondente con cargo aos encargos que a Sociedade ten recibido e dos que reciba dos poderes adxudicadores dos que é medio propio

No caso de realizarse unha prórroga deste convenio, este importe poderá incrementarse en función das tarifas que se establezan no momento da mesma, mediante a formalización da correspondente addenda. No caso de ser preciso superar esta cifra, será necesaria a sinatura dunha addenda que recolla estas necesidades.

E.P. SEAGA comunicará á Amtega calquera incidencia acontecida con relación aos servizos obxecto do presente acordo.

E.P. SEAGA garantirá o cumprimento e adopción das medidas relativas á seguridade dos datos de carácter persoal, de conformidade coa normativa vixente na materia.

## 2. Compromisos da Amtega

### 2.1. Prestación de servizos en modalidade IaaS.

AMTEGA asumirá os seguintes **compromisos** no referido á prestación de servizos en





modalidade IaaS:

- Realizar as revisións necesarias para verificar o cumprimento da Política de Seguridade.
- Garantir a protección das comunicacións e protección dos servizos.
- Xestionar o control de acceso por fornecedor.
- Monitoraxe.
- Servizo de copias de seguridade.
- Establecer a matriz de responsabilidades en modelo IaaS Amtega

AMTEGA asumirá o rol de responsable no referente a:

- Infraestrutura Hardware e/ou Virtualización:
  - Garantir alta dispoñibilidade da plataforma de virtualización.
  - Provisión de accesos ao vCenter por provedor.
- Infraestrutura de rede e comunicacións:
  - Provisión e mantemento de redes de servizo e xestión.
  - Asignación de IPs/hostname
  - Provisión de IPs Públicas/DNS/certificados SSL/Servizos de balanceo, etc.
- Almacenamento (Datastores VMware, recursos NFS, etc.):
  - Provisión de recursos de almacenamento.
  - Resolución de incidencias no servizo de almacenamento.
- Máquinas virtuais VMware:
  - Provisión de recursos de CPU e memoria ao proxecto (cartafol VMware)
- Monitorización e alertas:
  - Xestión de alertas da infraestrutura de virtualización, rede e cabinas de almacenamento.
- Seguridade:
  - Servizos de seguridade perimetral.
- Backup:
  - Backup a cinta e aplicación de políticas de retención corporativas.





Os servizos de administración do IaaS pola Amtega dentro deste convenio terán un custo testimonial sendo dificilmente cuantificables de forma taxativa posto que se inclúen dentro das labores de administración e mantemento de toda a infraestrutura da Amtega, sen ter unha dedicación en exclusiva e, polo tanto, cuantificable, estimándose para os efectos deste convenio en 2.331,85 €/ano.

E.P. SEAGA coñece e garantirá o cumprimento do modelo IaaS da Amtega respectando as responsabilidades no referente ao uso deste servizo e os procedementos asociados.

Para os efectos do disposto nos parágrafos anteriores, dentro dos primeiros 15 días do mes de decembro de cada ano, a Amtega achegará a E.P. SEAGA unha certificación dos servizos prestados durante a dita anualidade.

#### • **Terceira.- Duración**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31/12/2023, podendo prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de catro anos, mediante a subscrición da correspondente addenda.

#### • **Cuarta.- Modificación do acordo**

Se o importe dos servizos dos que faga uso E.P. SEAGA superase o máximo establecido na cláusula 2.1) deste acordo, ou houberse novas prestacións por parte da Amtega das que E.P. SEAGA quixese facer uso, deberá modificarse o presente acordo.

De acordo co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio tamén poderá modificarse para lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### • **Quinta.- Relacións laborais**

A subscrición do presente acordo de adhesión non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de E.P. SEAGA e a Amtega, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### • **Sexta.- Comisión de seguimento e control das actuacións**

Para o debido seguimento do convenio, incluída a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, constituirase unha Comisión de seguimento coa seguinte composición:

Por parte da Amtega:

- Director/a da Área de Infraestruturas e Seguridade, ou persoa que o substitúa.





- Un/unha funcionario/a designado/a pola Amtega, que actuará como secretario/a con voz e voto.

Por parte de E.P. SEAGA:

- Dous representantes designados entre os seus membros.

Considerarase validamente constituída a Comisión cando concorra un representante de cada unha das Partes asinantes, sendo presidida polo director/a da Área de Infraestruturas e Seguridade, ou persoa que o substitúa. A Comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e en todas as ocasións que se estimen oportunas a instancia de calquera das partes asinantes.

A Comisión adoptará os seus acordos por maioría de votos emitidos, ostentando quen a presida voto dirimente para o caso de empate.

A dita Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste acordo, promovendo, se se considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

## • **Sétima.- Protección de datos persoais.**

### **1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no Convenio**

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste Convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD) e ao artigo 11 da Lei Orgánica de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD). A lexitimación para o tratamento dos seus datos será a execución do presente Convenio.

No caso de que, no ámbito deste Convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados coa única finalidade de executar as prestacións derivadas do presente Convenio, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

### **2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no Convenio**

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos persoais e informacións que lle foran confiados para a formalización do Convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste Convenio e para as finalidades previstas no mesmo;





- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do Convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente Convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

### **3. Condición de encargado do tratamento da Amtega**

A Amtega, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos obxecto do presente Convenio, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do RXPd e no artigo 33 da LOPDGDD polo que deberá dar cumprimento ás obrigaçións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

3.1. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

3.2. Tratar os datos de acordo coas instrucións de E.P. SEAGA como responsable do tratamento. Se a Amtega, como encargado do tratamento, considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPd ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente a E.P. SEAGA.

3.3. Levar por escrito un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no artigo 30 do RXPd e 31 da LOPDGDD.

3.4. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa de E.P. SEAGA, nos supostos legalmente admisibles. A Amtega poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último. Do mesmo xeito, autorízase á Amtega a subcontratar os servizos necesarios para o cumprimento e bo fin da prestación convida. Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigaçións establecidas neste contrato para esta figura e as instrucións que dite E.P. SEAGA como responsable. Á Amtega corresponderalle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigaçións, medidas de seguridade...) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o





encargado inicial, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.

No caso de incumprimento por parte do subencargado, a Amtega seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

3.5. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

3.6. Velar por que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente, agás no caso de que as persoas usuarias ostenten a condición de empregados públicos.

3.7. Velar porque se imparta a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

3.8. Asistir a E.P. SEAGA na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, a Amtega facilitará a E.P. SEAGA, a requirimento desta, e á maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a estes efectos.

3.9. Notificar a E.P. SEAGA, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPDP.

3.10. Dar apoio a E.P. SEAGA na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

3.11. Implantar as previsións recollidas no Rd 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

3.11.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

3.11.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

3.11.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

3.12. Poñer a disposición de E.P. SEAGA, toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen E.P. SEAGA ou outro auditor autorizado.





3.13. Comunicar os datos de contacto do/a delegado/a de protección de datos da Amtega.

3.14. Devolver a E.P. SEAGA, en caso de resolución do presente Convenio, os datos persoais e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos sistemas informáticos utilizados pola Amtega. Non obstante, a Amtega poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do Convenio.

#### . **Oitava.- Publicidade**

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

#### . **Novena.- Causas de resolución**

O presente Convenio resolverase segundo o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e en particular polo incumprimento das cláusulas que o regulan, polo transcurso do tempo estipulado, pola non aceptación de E.P. SEAGA á modificación das tarifas ou por mutuo acordo das partes asinantes.

#### . **Décima.- Réxime xurídico**

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta do presente convenio.

As discrepancias que poidan xurdir e que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes





asinan electronicamente este documento.

Pola Axencia para a Modernización  
Tecnolóxica de Galicia

Pola Empresa Pública de Servizos Agrarios  
Galegos, SEAGA, S.A.

Julián Cerviño Iglesia

Pablo Arbones Maciñeira

